



Instantes eternos

Juan Andrés Fernández Castro
juanandresfc@yahoo.es

AGRADECIMENTOS: Miguel Ramón de la Calle Amaro, Ana María García Varela, María Dolores (Noni) Araújo Arias, María del Carmen (Maica) Calvo Castro, Eva María García García.

Pasaron os anos, aqueles meniños fixéronse mozos, os mozos homes e as mozas mulleres e case todos lograron rebasar a fronteira dos oitenta. Arrebatou a morte a algúns, é certo, mais pervive a súa memoria nestas fotos e no corazón de aqueles que os amaron.

Preguntámonos a veces que fai inesquecible unha imaxe. Cabería responder que o seu poder de provocar emocións. Os ollos brillan, bule o sangue nas veas, abrolla algunha bágoa furtiva cando se observan as imaxes que imos presentando, cando un rostro anónimo e un nome se unen cobrando nova vida. «Mira, esta era eu, con nove anos, aquela miña amiga, estoutro foi médico, faleceu, pobriño...»

Restaurar a memoria resulta a veces doloroso porque obriga a declarar ausencias e nos encara co inexorable paso do tempo e as súas secuelas. Pero é tamén gratificante pois contribúe a rescatar rostros esquecidos, a restaurar biografías, recompoñer vellas e entrañables amizades e a constatar, en fin, que aínda seguimos vivos e con sentido e memoria abondo para recoñecer a aqueles que foron os nosos compañeiros de xogos, os que acudiron á mesma escola e sufriron e divertíronse e amaron canda nós. Algúns acompañaron o

noso itinerario vital; a outros espáreseunos a vida e desapareceron do noso horizonte.

Existe un vínculo entre estas catro imaxes que presentamos: todos eles son alumnos de dona María del Carmen (Maruja) Castro Dono (1923-2013), que impartiu docencia nun edificio da Praza da Feira da Estrada: Educación Primaria, Bacharelato, preparación de oposicións e ingresos. De aí as distintas idades que observamos nas fotos. Un día calquera avisábase o fotógrafo e congregábanse profesora e alumnos nalgún escenario urbano. A alameda municipal adoitaba ser o lugar máis frecuentado, arredor da fonte dos peixes case sempre. Neste ámbito rexistráronse, o mesmo día, dúas das imaxes; hai outra nun lugar descoñecido das aforas e unha terceira no portal, que aínda se conserva, da casa onde se ubicaba a escola. Roupas claras –predomina o color branco– nos retratos estivais; abrigos e prendas escuras en tempo de inverno. Descubrimos, ademais, detalles que non se lle escapan ao observador atento; mans entrelazadas, brazos pousados no ombreiro, amizades da infancia que nunca se esquencen; traxes de domingo, lazos brancos, o rodo da saia estendido no chan; a profesora, un tanto adusta, coidando a súa rolada de alumnos. Tan só permanece anónimo o retratista.

Dicía Susan Sontag que retratar era conferir importancia. Retra-
tar é elixir o instante que se vai facer eterno.




Foto 1. 1952 ca. 1. Milagros Coto. 2. Fina López Carbón. 3. Maruja Castro Dono (Profesora). 4. Mercedes Muñiz Martínez. 5. Ángela Rey Lameiro (Chuchita). 6. María Jesús Muñiz Martínez. 7. Ana María García Varela. 8. Lela López Carbón. 9. Charito Núñez Casal. 10. José Antonio. 11. Severo Otero. 12. Manolo Ribeira. 13. José Torrado Varela. 14. José Sande. 15. Isabel Leyes Borrajo



Foto 2. 1952 ca. 1. Severo Otero. 2. Ángela Rey Lameiro (Chuchita). 3. Lela López Carbón. 4. María Jesús Muñiz Martínez. 5. Ana María García Varela. 6. Maruja Castro Dono. 7. José Sande. 8. José Antonio. 9. Manolo Ribeira. 10. José Torrado Varela. 11. Fina López Carbón. 12. Mercedes Muñiz Martínez. 13. Charito Núñez Casal. 14. Isabel Leyes Borrajo. 15. Milagros Coto




Foto 3. 1950 ca. 1. Severo Otero. 3. Maricruz Barreiro Mariño. 4. Chelo Otero. 5. Ángela Rey Lameiro (Chuchita). 7. Lela López Carbón. 8. Maruja Castro Dono. 9. Pilar Juana García Varela. 10. Elvira Pena. 11. Toñita Barreiro Mariño. 12. Moncho (Monchito) Campos Ramos. 13. José Antonio. 14. María Jesús Muñiz Martínez. 16. Pitusa Fenollera García



Foto 4. 1953 ca. 1. Charito Núñez Casal. 2. Chelito Otero. 3. María Jesús Muñiz Martínez. 4. Ana María García Varela. 5. Mari Crespo. 6. Finita. 7. Carmucha Camba Carbia. 8. Mercedes Muñiz Martínez. 9. Milagros Coto Matalobos. 10. Lela López Carbón. 11. María Ester Carbón. 12. Maruja Castro Dono. 13. Luchi Bahamonde Valladares. 14. Isabel Leyes Borrajo. 15. Ángela Rey Lameiro (Chuchita)



Foto 5. Edificio da Praza da Feira onde impartía docencia Maruja Castro



Foto 6. Diante deste mesmo portal, hai setenta anos, posaron profesora e alumnas para a foto número 4